

**NOTA INFORMATIVA DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS SOBRE O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA AS COMISIÓNS DE SERVIZOS PARA CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL (CÓDIGO PROCEDIMENTO ED010A) E AS COMISIÓNS DE SERVIZO POR RAZÓNS DE SAÚDE (CÓDIGO PROCEDIMENTO ED010B)**

No Diario Oficial de Galicia do 8 de maio de 2020 publicouse a *Resolución do 20 de marzo de 2020, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se resolve definitivamente o concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación, convocado pola Orde do 8 de outubro de 2019.*

Tal e como se establece no *Orde do 15 de abril de 2019 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da persoa interesada, do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte docencia en centros dependentes desta consellería, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral (código de procedemento ED010A)*, concretamente no seu artigo 7.1, o prazo de presentación de solicitudes será de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución do concurso xeral de traslados no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, a *Orde do 28 de febreiro de 2020 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da persoa interesada, do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación en centros dependentes desta consellería en atención a situacións persoais especiais por motivos de saúde (código de procedemento ED010B)*, establece no seu artigo 9 que o prazo de presentación de solicitudes será de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución do concurso xeral de traslados no *Diario Oficial de Galicia*.

Tendo en conta o anterior e en base ao establecido na disposición adicional terceira do *Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19* e no apartado sétimo do *Acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19* suspéndese o prazo para a presentación de solicitudes dos procedementos ED010A e ED010B. O cómputo dos ditos prazos iniciarase no momento en que perda vixencia o acordo ou, se é o caso, as prórrogas deste e anunciarase na páxina web [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)